

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA IES AS TELLEIRAS

CONCURSO DE RELATO BREVE

COMO FACER UN RELATO?

1.- Elixer un tema:

Elixer un tema e captar unha escena concreta. Un relato debe ser curto polo que non debes contar cada detalle do argumento. Céntrate na escena e traballa sobre ela. Para que quede na mente do lector, un relato debe cubrir unha historia en pouco tempo.

2.- Narrador:

É importante que o tipo de narrador que escollas (omnisciente, terceira persoa) sexa único. Non cambies de rexistro ou despistarás aos teus lectores e a lectura non terá sentido. O cambio de narrador é máis propio das novelas pero, nun relato, o narrador debe ser sempre o mesmo.

3.- Personaxe:

Elixer o teu personaxe ou personaxes e non tardes en presentalos. Non cargues o relato de personaxes, tres como moito. E sobre todo, non escondas detalles sobre a súa personalidade, idade ou nome, o lector dun relato debe saber dende o principio quen intervéñ na escena.

4.- O Cambio:

Todo relato ten unha introdución, desenvolvemento e un cambio final. Sen cambio, non hai relato. Algo na escena do relato debe cambiar e, para iso, debe pasar algo. Non fai falta que mates a ninguén, o cambio pode ser de calquera índole, pero perceptible para o lector. É o que vai sorprender e a facer o relato efectivo.

5.- Indicios:

Para provocar o cambio no relato, non podes facelo sen previo aviso. Os personaxes, a escena mesma ou o narrador debe dar algún indicio do que vai pasar. Iso si, debes ser sutil, para que non se desvele a historia.

6.- Técnicas de desbloqueo:

O escritor sempre se enfrenta a momentos como o temido horror á páxina en branco. Se che pasa, tómao como algo natural. Para saír desta situación existen técnicas de desbloqueo moi útiles. A máis sinxela e efectiva é a técnica do 'Acórdome'. Rememora unha historia da túa infancia, calquera, e escríbea comezando por esa frase, 'Acórdome... ". Verás como, a partir desa historia, descubrirás miles de posibilidades. Hai grandes relatos de célebres escritores que empezan así.

7.- Corrector:

Por último, e para que nada estrague o teu relato, pásao por un corrector de ortografía para evitar faltas e incoherencias. Coida as puntuacións, os tiles e outras regras de composición fundamentais para que o teu relato sexa un éxito.